

## **AER DENUNCIA A INSUFICIENCIA DAS MEDIDAS DE FOMENTO PARA O CRUCE DE PEÓNS E PEREGRÍNS EN ESTRADAS “NACIONAIS” NO CONCELLO DE REDONDELA**



De sorprendente cualifica a Agrupación de Electores de Redondela os sinais verticais para a mellora da seguridade viaria instalados na estrada N-550 á altura do convento de Vilavella e á altura da entrada ao Viso en Cesantes.

Recentemente, o Ministerio de Fomento de cara a solucionar a problemática de seguridade viaria polo cruce de peóns e peregrinos que a estrada N-550 ten nas interseccións desta vía co Camiño de Santiago, procedeu a instalar sinais verticais de advertencia que indican perigo pola presenza de peóns, incluíndo un botón que ao accionalo se produce a intermitencia de tres luces que posúe o sinal. O Ministerio de Fomento non instalou pasos de peóns nin grupos semaforicos, polo que ningún vehículo ten a obriga de ceder o paso aos peóns, unicamente de estar alerta pola posible presenza de peóns ou peregrinos cruzando.

Dende a Agrupación de Electores (AER) esta medida parécenos totalmente inadecuada e insuficiente. Inadecuada pois as persoas que queren cruzar poden interpretar que pulsando o botón xa teñen preferencia sobre os vehículos, o que non é certo, e insuficientes pois os vehículos non teñen a obriga de parar. Unicamente a instalación destes sinais acompañados dun paso de peóns tería efectividade de cara a seguridade viaria destas interseccións, tan concorridas por peregrinos e a veciñanza de Redondela. Seguramente en ambos casos o máis efectivo sería a instalación dun paso de peóns regulado por un grupo semaforico.

No caso de Cesantes cabe indicar que a veciñanza xa leva demandado no entorno do colexio e na zona de cruce de peregrinos melloras na seguridade viaria. Estas reivindicacións están recollidas no correspondente consello parroquial paralelamente á demanda de construción de beirarrúas na zona polo perigo real existente. A mellora do cruce da estrada neste caso poderíase estudar para que puidesen cruzar os peregrinos, a veciñanza e os cativos que tódolos días teñen que atravesar a estrada “nacional” para ir ao colexio público. A instalación dun paso de peóns regulado fronte ao Colexio de Cesantes podería resolver ambos problemas. De feito, tódalas mañás a policía local ten que asistir ao lugar a regular o tráfico e velar pola seguridade das cativas á hora de acceder ao colexio.

No caso de Vilavella, na zona de O Muro, os sinais foron instalados xustamente nunha curva e na localización onde a estrada é máis ancha. Dende AER consideramos que instalando estes sinais uns metros máis arriba dirección Porriño, a seguridade viaria melloraría xa que a zona de cruce situaríase en plena recta con boa visibilidade. Obviamente a medida seguiría sendo insuficiente sen o pintado do correspondente paso de peóns.

Así pois, AER demanda do goberno local de Redondela e máis do Ministerio de Fomento que se adopten as oportunas melloras na seguridade viaria para acadar, realmente e de xeito eficaz, a seguridade da veciñanza e dos peregrinos que visitan o noso concello á hora de ter que cruzar nas interseccións do Camiño de Santiago coa estrada N-550 en Vilavella e en Cesantes.

Redondela, 29 de decembro de 2016